

NORMAS DE PARTICIPACIÓN NA CABALGATA DOS REIS MAGOS DE FERROL (5 DE XANEIRO DE 2023)

1. Os/as participantes do evento deberán seguir, en todo momento, as indicacións do monitorado e do persoal de seguridade, co fin de garantir un percorrido tranquilo, sen incidencias e que podamos gozar deste día especial.
2. Os/as participantes deberán ir sentados/as durante todo o percorrido da cabalgata, atendendo ás indicacións do monitorado.
3. O vestiario e a caracterización correrá a cargo de cada neno/a, sendo adecuado á carroza na que participe.
4. Recoméndase levar roupa de abrigo e impermeable por se chove, sempre por debaixo do disfrace.
5. A organización non se fai responsable dos obxectos perdidos, pregamos que os/as nenos/as non leven ningún obxecto de valor.
6. Durante o percorrido, o lanzamento de caramelos realizarase seguindo as instrucións do monitorado, tentando sempre que sexa cara arriba e tratando de que non se esgoten ó comezo e poidan ser repartidos durante todo o percorrido.
7. A hora de presentación será ás 17:15 h na rúa Venezuela e as/os nenas/os deberán dirixirse cara a súa carroza correspondente (que lle será comunicada previamente). Non poderán subir á carroza, mentres non lle sexa indicado polo/a monitor/a que lle corresponda.
8. Lembramos que a rúa Venezuela non estará habilitada para aparcas os vehículos.
9. O lugar de recollida das/os nenas/os será a carón da Casa do Concello, pola rúa María (porta do Rexistro). É importante que a persoa que os deixa sexa a mesma que os recolla, para así facilitar e axilizar a entrega das/os nenas/os.
10. A hora de recollida dependerá da duración da cabalgata, por iso os/as responsables dos/as nenos/as deberán de estar pendentes do transcurso da Cabalgata para estar no lugar de recollida na hora precisa.

Aproveitamos a ocasión para desexarlles unhas Felices Festas e Próspero Aninovo

UN SAÚDO CORDIAL